

**Consideracións relativas ao novo período principal de cultivo**  
**(Actualizado a 10.03.2017)**

1. No caso de cultivo de raigrás entre cultivos (sementado tras recoller o millo do verán de 2016 e recollido para sementar millo no 2017), declararase o produto 69 como produto principal de 2017, que é o presente durante o período principal. Neste tipo de situacións declararase ademais como cultivo secundario en 2017 o produto presente no verán de 2017 (por exemplo, millo). Evidentemente entre cultivos de millo (ou calquera outro) dos veráns de 2016 e 2017 pódese sementar o cultivo que queira o agricultor e será este o que se declare como cultivo principal. No caso de que este cultivo principal sexa algún dos indicados na táboa seguinte será necesario declarar ademais como cultivo secundario o produto presente no verán tal e como xa se explicou para o caso concreto do raigrás.

68	Festuca
69	Raygrass
70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dáctilo
73	Fleo
74	Poa
247	Cultivos mixtos de especies pratenses

Tratarase de igual xeito o caso en que non houbo cultivo no verán de 2016 senón prado temporal (produto 63) que se se mantén no período principal de 2017 e logo seméntase un cultivo que estará presente no verán de 2017. Nestas situacións declarase como cultivo principal o produto 63 e declarase tamén como cultivo secundario o do verán de 2017 (millo ou o que corresponda).

2. No caso de inactividade entre dous cultivos (é dicir, entre un cultivo no verán de 2016 e outro cultivo no verán de 2017), no período principal haberá herba espontánea con restos da colleita de 2016 ou, nalgúns casos, terra xa preparada para a próxima sementeira dun cultivo en 2017. De acordo con indicacións recibidas do FEGA, neste tipo de situacións non se declara o produto 20 (barbeito non SIE), pois esta inactividade entre cultivos non se pode considerar barbeito, senón que corresponde declarar o produto da colleita posterior ao período principal (a do verán de 2017): millo ou o que corresponda.
3. Nos casos de prado temporal sementado dentro dunha rotación tradicional (o prado está presente un ou máis anos completos), declararase produto 63. Cinco anos seguidos con esta declaración daría lugar a un uso PS.

4. No caso de declaración de CFN para SIE como secundario no 2016, volverá a declararse ese mesmo produto CFN como principal no 2017. Para asegurar que en anos posteriores esta declaración non sexa incidencia na verificación da rotación de SIE deberá declararse como cultivo cultivo secundario en 2017 un produto presente na parcela no verán de 2017 e que aproveite o nitróxeno fixado polo CFN previo.
5. Se é necesario para solicitar axudas acopladas, poderá declararse como secundario (denominado agora “outro cultivo”) o cultivo do verán de 2017 (por exemplo, o xirasol para solicitar a axuda aos cultivos proteicos).
6. As comprobacións sobre o terreo da diversificación no período principal do 2017 esixirán, previsiblemente, teledetección.
7. Caso no que sobre un recinto con uso PS o agricultor pretenda manter o pasto durante o periodo principal de 2017 e posteriormente sementar un cultivo (millo ou outro cultivo) que estaría presente durante o verán de 2017. Nesta situación é preciso asegurar que o recinto se actualice a uso TA, tendo en conta o cultivo do verán. Dado que a aplicación SGA-Captura non permite recoller un cultivo principal e outro secundario que correspondan a usos distintos e que é preciso verificar ese cambio de uso no 2017 mediante unha alegación ao SIXPAC, farase a declaración do seguinte xeito:
  - Declararase como cultivo principal o pasto como se fora xa pasto de menos de 5 anos, por exemplo declarando produto 63 (e non 64). Desta maneira a aplicación indicará a necesidade de presentar a alegación a TA.
  - Declararase como cultivo secundario o cultivo herbáceo presente durante o verán. Deste xeito, a alegación a TA resolverase verificando a presenza deste cultivo no verán.